FORMACIÓN EN LIÑA

Posta en marcha e consolidación do teu proxecto cooperativo

O programa de formación gratuíto da Rede Eusumo

Inscrición gratuíta
Ata o 16 de maio

Formación en liña
Do 16 de maio ao 1 de xuño

Dinamiza o teu proxecto cooperativo

A Rede Eusumo, rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e industria para o fomento do cooperativismo e a economía social, lanza **tres módulos formativos gratuítos 100% en liña** relacionados co emprendemento e a consolidación de empresas cooperativas.

Que se pretende con este programa formativo?

O programa de formación en liña da Rede Eusumo está integrado por tres módulos que lle permitirá ao alumnado percorrer **tres escenarios chave no impulso e consolidación dun proxecto empresarial cooperativo**.

A quen vai dirixido?

A todas aquelas persoas interesadas en emprender baixo a fórmula cooperativa e ás cooperativas existentes que queiran consolidar os seus proxectos empresariais.

Duración

Cada módulo terá unha duración estimada de **20 horas**, todas elas en liña.

Inscrición

O programa formativo ten **carácter gratuíto**.

Podes inscribirte de forma individualizada en cada un dos módulos ou de forma conxunta en todo o programa formativo. Prazas limitadas a 20 persoas por módulo.

Prazo de inscrición

Ata o 16 de maio.

Entregarase un **diploma de acreditación de participación.**

Pódeste inscribir facilitando o teu nome, DNI, teléfono e correo electrónico en:

T. 981 55 80 08
info@eusumo.gal

Máis información:
www.eusumo.gal

XUNTA DE GALICIA

Módulo 1
Desenvolvendo o teu proxecto cooperativo

Data de inicio: *16 de maio.*
Data de fin: *1 de xuño.*

Obxectivo:
Este módulo recolle diversos capítulos que percorren dun xeito práctico as pautas, os recursos e os coñecementos para abordar con éxito un proxecto empresarial cooperativo.

Programa:

1. Por que emprender? Por que unha cooperativa?.
2. Que é unha cooperativa? Características, particularidades e diferenzas fronte a outras fórmulas xurídicas.
3. Como validar a vosa idea de negocio.
4. Como analizar a viabilidade técnica, económica e financeira do voso proxecto cooperativo. O plan de empresa.
5. Legalidade e fiscalidade das cooperativas.
6. Pasos para pór en marcha un proxecto cooperativo.
7. Financiamento, recursos e liñas de axuda para a creación de empresas cooperativas

Módulo 2
Comunica e posiciona na rede a túa cooperativa

Data de inicio: *16 de maio.*
Data de fin: *1 de xuño.*

Obxectivo:
Este módulo pretende achegarnos ás ferramentas básicas do marketing dixital, para mellorar a formación sobre conceptos de analítica web, SEO, SEM, redes sociais ou comercio electrónico, así como definir a mensaxe estratéxica da comunicación dunha cooperativa, coa finalidade de crear marca e posicionala na rede.

Programa:

1. Estratexia e comunicación en liña.
2. Usabilidade e analítica web.
3. Posicionamento SEO.
4. Publicidade en liña e apps.
5. Redes sociais.
6. Marketing móbil e email marketing.
7. E-commerce.

Módulo 3
A internacionalización nas cooperativas: saíndo aos mercados exteriores

Data de inicio: *16 de maio.*
Data de fin: *1 de xuño.*

Obxectivo:
Este módulo pretende introducir ao alumando nas características dos procesos de internacionalización e nas decisións fundamentais asociadas a eles. Por iso percorreranse distintos capítulos orientados a dar a coñecer, por exemplo, a importancia do plan de internacionalización como ferramenta necesaria para o inicio da actividade internacional dunha cooperativa; recoller os aspectos máis singulares de operativa internacional, tales como os referentes á loxística ou á definición do prezo de exportación; ou reflectir as principais diferenzas entre a mercadotecnia local e a internacional.

Programa:

1. O proceso de internacionalización. Formas de exportación agrupadas.
2. As diferenzas culturais entre países
3. O marketing internacional. Medios de promoción conxuntos.
4. A xestión operativa internacional